

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruiz, María Isabel  
Lago Ferreiro, Alfonso  
Lantarón Caeiro, Eva  
Lesmes Romero, Yolanda  
Martín Moreno, José María  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Miguez Tabarés, José Luis  
Pozo Triviño, María Isabel del  
Reboreda Morillo, Susana  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rivo López, Elena  
Rubio Armesto, Belén  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Cid Fernández, Xosé Manuel  
Cruz González, María Montserrat  
Currás Valle, Consuelo  
Díaz Redondo, Rebeca Pilar  
García Cutrín, Fco. Javier  
Michinel Álvarez, Humberto Javier  
Pardo Froján, Juan Enrique  
Peña Gallego, María de los Ángeles  
Pérez Vázquez, María Consuelo  
Picos Martín, Juan  
Río Otero, Coral del  
Rodríguez Domínguez M<sup>a</sup> del Mar  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Rodríguez Rajo, Francisco Javier

### PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada  
Araujo Nespereira, Pedro Antonio  
Arévalo Tome, Raquel  
Durán Barbosa, Rafael  
López Ardao Jose Carlos  
López Mira Álvaro Xosé  
Montero Reguera, José Francisco  
Paz Penín, María Concepción  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

#### ESTUDANTES

Davila Segade, Ruth  
Diz Folgar, Manuel  
Lima González, Estela

### PAS

González Penín, Ana Isabel  
Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Larriba Leira, Elvira  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta M<sup>a</sup>  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup> José

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Álvarez Álvarez, María Salomé  
Barreiro Rodríguez-Moldes,  
Covadonga  
García Fontán, María Soledad  
Rúas Araújo, José  
Ruiz Hidalgo, M<sup>a</sup> del Carmen

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 02 de marzo de 2023, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 02 de marzo de 2023 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais o secretario xeral, xunto con distintos membros do órgano, asisten presencialmente no Paraninfo da Universidade.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante unha ligazón a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

### 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do martes 24 de xaneiro de 2023.

O reitor propón aceptar a observación presentada polo director da Escola Superior de Enxeñaría Informática.

Apróbase a acta por asentimento, coa modificación solicitada á Secretaría Xeral.

### 2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Celebración do acto de Santo Tomé de Aquino na UVigo coa entrega dos premios extraordinarios.
- Estase a agardar pola acreditación do Campus Auga de Ourense. Agradece a participación das persoas implicadas da Universidade e da sociedade.
- Trabállase na creación da Facultade de Enfermería, cara ao curso 2024/25, que xa conta co decano comisario.
- Hai a oferta do edificio do antigo hospital de Pontevedra para a Universidade de Vigo, onde se poderían albergar distintas facultades do Campus. O reitor, con independencia da cor política, ten unha postura positiva cara á dita oferta, complementaria da cesión dos terreos de Tafisa, que se está a preparar.
- Premios Girl Geek Chovido, aos mellores expedientes en ciencias e tecnoloxías (cambiará o nome cara a futuras edicións).
- Helena Cortés Gabaudán, Premio Nacional a la Mejor Traducción 2021.

- Belén Riveiro, Premio Nacional de Investigación para Jóvenes 2022, na área de enxeñaría e arquitectura.
- Brevemente informa sobre cuestións abordadas no Consello de Universidades, en relación coa futura LOSU, que obrigará a facer unha modificación dos Estatutos da UVigo.

Remata o informe ás 10:15.

### **3. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2023/24.**

O reitor indica que corresponderá a UVigo a apertura do curso do SUG, o 8 de setembro. O inicio do curso está previsto para o 11 de setembro. Non hai cambios significativos respecto do curso anterior.

María José Ríos Santomé pregunta polos festivos dos centros que coinciden en sábado ou domingo, e o secretario xeral contesta que corresponde aos centros, cando coinciden en festivo, fíxalos en luns ou venres. O reitor indica que se pode comunicar a decisión dos centros cando corresponde e engadila ao calendario.

Apróbase por asentimento.

### **4. Aprobación, se procede, do Regulamento de funcionamento da planta piloto de Industrias Agroalimentarias do campus de Ourense.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación quen sinala a necesidade de establecer unha normativa que regule a planta, longamente reclamada polo Campus de Ourense e que por fin entrou en funcionamento. O borrador, negociado para favorecer a docencia da Facultade de Ciencias, foi aprobado pola Comisión de Investigación do 26/01/2023 e conta co informe favorable da Asesoría Xurídica, sendo a súa estrutura a seguinte:

Artigo 1.- Sobre as prioridades de uso. Prioridade para a docencia.

Artigo 2.- Sobre o uso para actividades docentes. Calendario de uso docente a custo 0, reserva no LIMS.

Artigo 3.- Sobre o uso para actividades de investigación e de transferencia. Horas restantes da docencia con asignación no LIMS.

Artigo 4.- Sobre a condición de persoa usuaria. Rexistro das persoas usuarias a través do LIMS.

Artigo 5.- Sobre o uso por outras persoas interesadas. Aberto tamén a empresas ou outras entidades interesadas.

Artigo 6.- Sobre os recursos humanos e materiais. Gastos de material funxible, asumidos por unidades docentes ou persoal investigador. Persoal técnico, segundo dispoñibilidade orzamentaria.

Artigo 7.- Sobre a Comisión de funcionamento. Vicerreitora do Campus de Ourense, decano da Facultade de Ciencia, PDI da titulación de Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, director do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación e outra persoa do Instituto, un representante de PAS (secretario/a).

Artigo 8.- Sobre as competencias da Comisión de funcionamento. Aprobar un Regulamento de réxime interno para atender as demandas e propoñer modificacións.

Artigo 9.- Entrada en vigor. Trala súa aprobación e publicación.

María José Ríos Santomé solicita que se revise a redacción desde a perspectiva de xénero.

Apróbase por asentimento.

### **5. Aprobación, se procede, da modificación da Comisión do CACTI.**

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen indica o seguinte sobre a proposta aprobada pola Comisión de Investigación o 16/02/2023, respecto da composición acorde ao Regulamento de réxime interno:

Dirección: Sandra Bolaño García. Prof. Titular do Departamento de Química Inorgánica.

PDI usuario do CACTI:

- 1) Isabel Pastoriza Santos. Prof. Titular do Departamento de Química Física.
- 2) Pedro Besada Pereira. Prof. Titular do Departamento de Química Orgánica.
- 3) Ezequiel M. Vázquez López. Catedrático do Departamento de Química Inorgánica.
- 4) María Teresa Rivas Brea. Prof. Tit. do Departamento de Enxeñaría dos Recursos Naturais e M.A.
- 5) Alejandro Pereira Domínguez. Prof. Titular do Departamento de Deseño na enxeñaría.
- 6) Herminia Domínguez González. Catedrática do Departamento de Enxeñaría Química (Ourense).
- 7) Diana Valverde Pérez. Catedrática do Departamento de Bioquímica, Xenética e Inmunoloxía.
- 8) Stefano Chiussi. Prof. Titular do Departamento de Física Aplicada.

Persoal de Administración e Servizos

- 1) Cristina Pérez Novo. Servizo de Seguridade Alimentaria (Ourense).
- 2) Carmen Serra Rodríguez. Xefa do Servizo de Nanotecnoloxía e Análise de Superficies.
- 3) Antonio Souto Casas. Técnico do Taller de Mecanizado.

Estudantado (polo menos 2 de 3º Ciclo, usuarios do CACTI):

- 1) Mónica Martínez Estévez. Estudante de Doutoramento.
- 2) Nuria Mouronte Baltar. Estudante de Doutoramento.
- 3) Irene Sanchez Sanz. Estudante de Doutoramento.

Apróbase a proposta por asentimento.

#### **6. Aprobación, se procede, do cambio de denominación do centro CINBIO.**

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen indica que a denominación, aprobada polo Consello reitor de centros o 9 de febreiro de 2023 pasa a ser CINBIO: Centro de Investigación en Nanomateriais e BIOMedicina. Consultouse co órgano competente da Xunta de Galicia, onde non ven problema no cambio.

Susana Reboreda pregunta polo acrónimo e o reitor explica as razóns polas que non se cambiou.

Apróbase por asentimento.

#### **7. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de grupos, agrupacións e centros de investigación da Universidade de Vigo.**

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación, quen indica que os cambios fundamentais, aprobados pola Comisión de Investigación do 16 de febreiro de 2023, son os seguintes:

- Elimínouse a parte correspondente a agrupacións.
- Cambiouse a constitución do Consello Reitor: o vicerreitor de Relacións coa Empresa é substituído pola xerente/a e inclúese ao director/a do centro.
- Cambiáronse nos Anexos os novos centros e a denominación do CINBIO que se aprobou no último Consello Reitor

Apróbase por asentimento.

#### **8. Aprobación, se procede, da solicitude de cambio de área de coñecemento de D. Juan Antonio Añel Cabanelas.**

O reitor indica que se retira o punto a petición da persoa interesada.

Retírase o punto.

#### **9. Aprobación, se procede, da modificación do plan de promoción a Profesor/a Titular e Catedrático/a na Universidade de Vigo.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, para que expoña as modificacións do plan, que fora aprobado no Consello de Goberno do 20 de marzo de 2019, e que teñen o informe positivo da COAP a foron aprobadas pola mesa de negociación.

- Regular os criterios que determinen a orde de saída a concurso das prazas destinadas a acceder ao funcionariado nos corpos docentes da Universidade:
  - **1. Promoción de TU a CU que cumpran os requisitos indicados no artigo 62.2 da LOU. Artigo 62.2:** Las Universidades podrán convocar plazas de promoción interna,

que estén dotadas en el estado de gastos de su presupuesto, para el acceso al Cuerpo de Catedráticos de Universidad.

Se convocarán para funcionarios de carrera del Cuerpo de Profesores Titulares de Universidad o de la Escala de Investigadores Científicos de los Organismos Públicos de Investigación, que **hayan prestado, como mínimo, dos años de servicios efectivos bajo dicha condición.**

➤ OBXECTIVO:

- O profesorado acreditado debe ter dereito a coñecer cando poderá facer efectivo o seu dereito á promoción, mediante o establecemento dunha orde prelación fixa de cara ás sucesivas convocatorias, que resulte da aplicación dun criterio claro e obxectivo.

➤ MEDIDAS PREVISTAS:

Onde di:

- Considerando os principios anteriores, establececese como procedemento para articular o dereito á promoción do profesorado a tempo completo a prazas de funcionarios nos corpos docentes universitarios a elaboración de senllas listaxes de acreditados, que se farán públicas, nas que se incluírá o profesorado que se atope na situación de promocionar segundo cada un dos dous casos indicados no punto anterior e solicite estar incluído nestas listaxes.

O subliñado cámbiase por:

- Considerando os principios anteriores, establececese como procedemento para articular o dereito á promoción do profesorado a tempo completo a prazas de funcionarios nos corpos docentes universitarios a elaboración de senllas listaxes de acreditados, que se farán públicas, nas que se incluírá o profesorado que solicite estar incluído nestas listaxes, indicando se cumpren ou non os requisitos de promoción indicados na lei.

Onde di:

- 4. As listaxes de acreditados actualizaranse anualmente. Para iso, a Universidade de Vigo establecerá unha convocatoria anual na que o profesorado que se atope en situación de promocionar segundo os casos contemplados no apartado II e non estea incluído xa na listaxe, poderá solicitar á súa incorporación á mesma. Unha vez finalizada dita convocatoria, os solicitantes serán incluídos ao final da listaxe correspondente, ordenados entre eles segundo os criterios definidos no punto 2 do presente apartado. O profesorado incluído nas listaxes de acreditados poderá solicitar ser eliminado dos mesmos en calquera momento.

Cámbiase por:

- 4. As listaxes de acreditados actualizaranse dúas veces cada ano (preferentemente xullo e decembro), nas que se incluírá ao profesorado que solicite estar incluído nestas listaxes. O profesorado que non estea incluído, poderá solicitar á súa incorporación ás mesmas. Nestas listaxes indicarase se os solicitantes cumpren ou non os requisitos de promoción indicados na lei.

Para iso, a Universidade de Vigo establecerá, se é preciso, dúas convocatorias anuais. Unha vez finalizada ditas convocatorias, os solicitantes serán incluídos na listaxe correspondente, ordenados entre eles segundo os criterios definidos no punto 2 do presente apartado. O profesorado incluído nas listaxes de acreditados poderá solicitar ser eliminado dos mesmos en calquera momento.

Apróbase por asentimento.

#### **10. Aprobación, se procede, da convocatoria do plan de promoción de Profesorado Asociado Acreditado para o curso 2023/24.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, quen sinala que o plan foi aprobado pola mesa de negociación e conta co informe positivo da COAP.

A idea é manter a mesma convocatoria que para o curso 2022/23. Prazas a crear: 5 (mesmo número que no curso 2022/23).

Apróbase por asentimento.

#### **11. Aprobación, se procede, da modificación da normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións, quen indica que a modificación foi aprobada pola mesa de negociación e conta co informe favorable da COAP.

Cargos académicos

<b>R.1. Cargos Académicos</b>	<b>R.1.1</b>	<b>Reitor/a, Vicerreitor/a con dedicación exclusiva</b>	<b>100%</b>
	R.1.2	Vicerreitor/a sen dedicación exclusiva, Secretario/a Xeral, Valedor/a Universitario/a	75%
	R.1.3	Adxunto/a ao reitor, Delegada/o na CiUG	62.5%
	R.1.4	Decano/a e Director/a	50%
	R.1.5	Director/a de Área, Director/a de Centros de Investigación Interuniversitarios	37.5%
	R.1.6	Director de Instituto Universitario	25%
	R.1.7	Director/a de Departamento, Coordinador/a Xeral PUM	18.75%
	R.1.8	Vicedecano/a, Subdirector/a e Secretaria/o Centros	18.75%
	R.1.9	Secretaria/o, Subdirector/a, Xefe/a Sección Departamentos, Institutos Universitarios, Centros de Investigación e Agrupacións Estratéxicas (Interuniversitarios)	12.5%
	R.1.10	Coordinador/a Grao, Coordinador/a Máster <sup>1</sup> e Coordinador/a Campus PUM	12.5%

## Representación da UVigo e outros

<b>R.2. Representación da U.Vigo e outros</b>	R.2.1	Colaborador/a científico/a	25%
	R.2.2	Membro Comisión de acreditación /de avaliación (CER,CEI) ANECA/Comité asesoramento da CNEAI	18.75%
	R.2.3	Xestor/a Programas e Áreas de Investigación Autonómicos	18.75%
	R.2.4	Delegada/o da U.Vigo en Centros Adscritos	12.5%
	R.2.5	Representante da U.Vigo noutras Institucións <sup>1</sup>	9.4%
	R.2.6	Representación sindical (segundo o acordado)	

Coral del Río pregunta por que a docencia en galego non aparece recollida entre as deducións, o que se agrava ao non estar aprobados os PODs,, polo que o profesorado non sabe ben o que facer a este respecto. Propón que a docencia en galego sexa tratada como a docencia en inglés.

O reitor responde que estase a medir o que procede e que, en calquera caso, o profesorado pode facer uso flexible dos seus recoñecementos. O resultado deste plan piloto será analizado cando conclúa pola mesa de negociación, que estudará entón a proposta de Coral del Río, que el ve acaída e agradece. O vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións concorda coa posición do reitor, e agradece así mesmo a intervención de Coral del Río.

Apróbase por asentimento.

## **12. Aprobación, se procede, da modificación das normas de elaboración do POD da Universidade de Vigo.**

O reitor cede novamente a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións quen indica o seguinte sobre esta modificación, que foi aprobada pola mesa de negociación e conta co informe positivo da COAP (en cursiva, as modificacións):

- Hai que substituír en todo o documento a expresión “profesorado contratado interino de substitución” por “profesorado contratado de substitución”.
- Criterios e procedemento de elaboración do POD polos departamentos:
  - ✓ Evitar, na medida do posible, *o excesivo* fraccionamento inxustificado das materias entre varios profesores/as.
  - ✓ Minimizar o número de materias distintas asignadas a cada profesor/a.
  - ✓ Procurar o equilibrio na repartición das tarefas docentes entre o profesorado, en función da súa dedicación docente *evitando, na medida do posible, a concentración de docencia nun cuadrimestre.*

- ✓ Ter en conta as áreas de coñecemento do profesorado como criterio de especialización deste.
- Cobertura de docencia vacante:
  - ✓ *Asignación de docencia a profesorado que dispoña de folgura na súa capacidade docente, incluíndo a xerada polas materias que non teñan estudantes matriculados.*
  - ✓ *Asignación de docencia a profesorado permanente que, de forma voluntaria, acepta dita asignación condicionada ao seu recoñecemento no vindeiro curso académico.*
  - ✓ Asignación de docencia ao persoal investigador posdoutoral, sempre que a súa convocatoria o permita e segundo o recollido no anexo II.
  - ✓ Aplicación da mobilidade entre campus, nos termos do anexo III.
  - ✓ Solicitude de incremento da dedicación do profesorado a tempo parcial.
  - ✓ Solicitude de contratación de novo profesorado utilizando algunha das seguintes categorías:
    - Profesorado asociado.
    - Profesorado visitante.
    - Lectores/as.
  - ✓ Solicitude de contratación de profesorado de substitución, cando se dean as condicións recollidas no anexo IV.
- Vixencia da asignación docente: *Unha vez rematado cada cuadrimestre, unicamente se lle certificará ao PDI a docencia que conste no POD. Calquera cambio no mesmo debe realizarse antes da emisión automática dos certificados de docencia impartida, que para o primeiro cuadrimestre ten lugar a partires do 30 de decembro e para o segundo do 1 de xuño 1.*

*Estas datas son orientativas e poden variar lixeiramente entre cursos. Poden consultarse actualizadas na secretaría virtual.*

ANEXO II: Incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación.

*A posibilidade de participación en tarefas docentes rexerese polo tipo de contrato e a figura ao que estea adscrita.*

A solicitude de colaboración realizarase obrigatoriamente no momento de elaboración do POD por parte do departamento ou no prazo desde o 20 de decembro de 2023 ata o 19 de xaneiro de 2024.

*O persoal investigador predoutoral, non poderá, en ningún caso, ter asignadas horas de docencia en prácticas externas ou prácticum, nin asinar actas ou formar parte dos tribunais dos TFG, aínda que si poderá cotitorizar TFG e TFM.*

*Elimínase para o persoal predoutoral: Esta simultaneidade realizarase, de forma preferente, co/a director/a da súa tese de doutoramento.*



A incorporación do persoal investigador posdoutoral á docencia realizarase nas mesmas condicións ca a do profesorado, podendo asumir docencia en calquera dos campus. Non obstante, e de xeito excepcional, este persoal poderá complementar a docencia doutro/a profesor/a, simultaneando a docencia presencial, cando non exista docencia vacante en ningún dos campus en que o departamento teña docencia asignada. Esta situación deberá ser informada favorablemente pola dirección dos centros e autorizada *pola vicerreitoría con competencias*.

*O persoal contratado na modalidade de investigador distinguido* terá que cumprir coas obrigas docentes indicadas no seu contrato laboral, ou ben na convocatoria correspondente. Non obstante, poderá solicitarlle ao seu departamento o aumento da súa participación nas tarefas docentes *ata un total de 100 horas anuais*.

Coral del Río sinala que non está en contra das modificacións propostas, pero si en contra dun parágrafo que xa estaba presente e que entende é contraproducente para os “posdoc”, que obriga a que simultaneen a súa docencia coa doutro profesor ou profesora. Entende que podería ser aceptable no caso dos “predoc”, pero non se debería dificultar a docencia dos “posdoc”.

Alfonso Lago entende que o “posdoc” ten que simultanear en certos casos, cando non hai docencia vacante. O “posdoc” ten dereito a dar docencia, pero non unha obriga. De aí a previsión incluída na normativa. Trátase dunha posibilidade voluntaria para o “posdoc” en áreas onde non exista docencia vacante, pero depende da súa decisión. Nos casos en que haxa folgura docente, non se podería incrementar esta para dar cabida aos “posdoc” de xeito independente.

Coral del Río insiste na súa reivindicación, poñendo de exemplo o seu propio departamento, onde hai folgura e, polo tanto, a docencia ten que simultanearse coa doutro profesor ou profesora. Pensa que a situación é incómoda e que a solución sería poder ofrecerlle docencia asumindo responsabilidades. Entende que hai diferencias obvias entre cargas docentes entre áreas e ámbitos nesta Universidade, que se trata de poucos departamentos os que se ven afectados, que pensa son aos que se dirixe o equipo de goberno con este tipo de normas.

Alfonso Lago comenta que esta situación non foi nin sequera debatida na mesa de negociación e que non se debería descender a situacións individuais ou particulares.

Francisco J. Rodríguez, director da Escola Superior de Enxeñaría de Informática, pregunta se aquí se aborda o asunto dos másters e Alfonso Lago entende que os criterios de POD son válidos para todas as titulacións, malia que haberá unhas indicacións posteriores que os complementarán, como é usual. O vicerreitor de Profesorados, Docencia e Titulacións sinala certos problemas concretos relativos aos másteres aos que se pretende dar solución. Francisco J. Rodríguez insiste en que non aparece a palabra máster nesta normativa, malia que aparece o grao. Alfonso Lago precisa que a normativa de máster é diferente e que xa está en vigor.

Humberto Michinel, director da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, sinala que se recibiu a solicitude de PDA dos máster, pero non teñen claro se deben proceder co máster en Enxeñaría Aeronáutica, e solicita información ao respecto. Alfonso Lago sinala que teñen a esperanza de que o máster incorporárase para o curso 2023/24, malia que hai un retraso no volcado de datos. Hai unha reunión pendente co director da ACSUG, que informará sobre as titulacións pendentes.

Ana Isabel González Penín pon o acento nas posibilidades docentes do persoal contratado na UCPI, e entende que hai certas diferencias entre estes e as persoas que teñen axudas doutorais ou predoutorais, polo tipo de selección, máis competitiva no caso dos segundos, e non das persoas que son contratadas con cargo a proxectos. Pregunta polo por que da equiparación. Alfonso Lago entende que teñen o mesmo tipo de contrato e Belén Rubio insiste en que a situación é comparable aos bolseiros de FPU. Indica que hai outras situacións docentes onde as persoas pasan por procesos selectivos non tan esixentes. En todo caso, Ana I. González Penín entende que é un acordo da mesa de negociación.

Rebeca Díaz sinala que quedouse coa dúbida da docencia no mestrado que indicou o director da Escola Superior de Enxeñaría Informática e pregunta polo procedemento a seguir no caso de adjudicación de docencia nos máster. Alfonso Lago explica como se procede. Rebeca Díaz pregunta pola intervención dos departamentos implicados e Alfonso Lago indica que se debe informar a todos os que teñan implicación docente.

O reitor indica que convén ter confianza no que se está a facer. De feito, aspiramos ao selo HR, que será unha garantía dos procedementos de selección de persoal investigador, independentemente da docencia. En resposta a Coral del Río, entende que este equipo goberna para todo o mundo, malia que reconece que non lle gusta a solución que ela critica para os “posdoc”, aínda que foi apoiada pola mesa de negociación, mostrándose disposto a traballar para encontrar unha vía mellor. Aspiramos a encontrar un equilibrio entre os distintos ámbitos e áreas.

Procédese a unha votación:

Votos a favor:  $20+14 = 34$

Votos en contra: 1

Abstencións:  $1+2 = 3$

Francisco J. Rodríguez indica no chat que “calquera cuestión técnica como a expresada polo vicerreitor respecto a asignación do POD no caso dos másteres debería ser apoiada pola normativa”, explicando así a súa abstención.

Apróbase a proposta por maioría.

### **13. Aprobación, se procede, da modificación do anexo I da normativa de titorías referida a horas de docencia e titoría das figuras investigadoras.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións que indica o seguinte sobre este punto, que foi aprobado en mesa de negociación e conta co informe positivo da COAP, e indica o cadro de investigadores, que é o seguinte:

INVESTIGADOR/A	CATEGORÍA	DEDIC.	HORAS DOCENCIA ANUAL (max)*	HORAS TITORÍA SEMANAL
PREDOUTORAL XUNTA DE GALICIA	BXUN	TC	60	1,5**
FPU/PREDOUTORAL MINISTERIO	BFPU	TC	60	1,5**
FPI/PREDOUTORAL MINISTERIO	BFPI	TC	60	1,5**
PREDOUTORAL UNIVERSIDADE DE VIGO	BUVI	TC	60	1,5**
PREDOUTORAL CON CARGO A CONVOCATORIA DA UCPI	BUCPI	TC	60	1,5**
POSDOUTORAL XUNTA APOIO Á ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL	PXFP	TC	30	1**
POSDOUTORAL XUNTA MODALIDADE A	PXGA	TC	80	2
POSDOUTORAL XUNTA MODALIDADE B/APOIO PARA COMPLEMENTAR A FORMACIÓN POSDOUTORAL	PXGB	TC	80	2
POSDOUTORAL PROXECTOS MINISTERIO XOVES INVESTIGADORES	PX13	TC	80	2
POSDOUTORAL CON CARGO A CONVOCATORIA DA UCPI	PUCPI	TC	80	2
POP/Periodo Orientación Posdoutoral Ministerio (FPI)	POP	TC	60	1,5
PROGRAMA RAMÓN Y CAJAL	IRYC	TC	100	2,5
PROGRAMA JUAN DE LA CIERVA	IDDC	TC	100	2,5
PROGRAMA BEATRIZ GALINDO	IBG	TC	100	2,5
INVESTIGADOR/A DISTINGUIDO/A LEY DA CIENCIA	IDIST	TC	100	2,5
CONTRATO ACCESO DE PERSOAL INVESTIGADOR DOUTOR	CAPID	TC	100	2,5
PROGRAMA MARÍA ZAMBRANO	IMZ	TC	60	1,5
PROGRAMA MARGARITA SALAS	IMS	TC	100	2,5

\*Segundo as condicións que se establezan na convocatoria.

\*\*Poderán realizalas de xeito voluntario

Marta Pazos pregunta por un dato que entende é incorrecto no caso do programa Margarita Salas, entendendo que debería poñer 60, pero Alfonso Lago e Belén Rubio explican por que está ben o máximo de 100, respondendo ao compromiso acadado pola Vicerreitoría de poñelos a todos ao máximo, dependendo de que teñan ou non contrato de acceso. Non obstante, quédase en revisar os datos, por se houbera que cambiar algún. En concreto acórdase poñer os María Zambrano a 100 máximo e 2,5 en titorías.

Ana I. González Penín manifesta a súa abstención.

Apróbese por maioría.

#### **14. Aprobación, se procede, dunha modificación nas actuacións de pagamento dos complementos de excelencia curricular docente e investigadora.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións quen explica que, con data de 19 de xaneiro de 2023, recíbese unha solicitude da Valedora Universitaria. Así mesmo, reiterouse con data de 29 de marzo de 2022, achegándose a seguinte recomendación: “remitir ao profesorado afectado unha comunicación indicándolle o cese do aboamento dos tramos variables ata que se produza unha nova avaliación pola ACSUG, momento no que se recibirían os atrasos correspondentes ao resultado da avaliación para ese período”. Posteriormente, solicítase resposta sobre as actuacións desenvolvidas para dar cumprimento á anterior recomendación.

➤ PROPOSTA: Aceptar a recomendación da Valedora Universitaria.

José Francisco Montero Reguera pregunta se hai unha previsión de cando se vai pagar a actual convocatoria. O vicerreitor informa de que a ACSUG xa fixo a proposta e que se elevará ao Consello Social e, cando se aprobe, enviarase a tramitación polos servizos.

Apróbese por asentimento.

**15. Aprobación, se procede, das modificacións orzamentarias acordadas na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos.**

O reitor cede a palabra á xerenta para que expoña este punto, que foi levado á Comisión Económica do Consello Social. Trátase dunha subvención do INEGA para proxectos de eficiencia enerxética en distintas instalacións da Universidade de Vigo. A actuación acada máis de 900.000 euros, cunha subvención de máis de medio millón, o que obriga a dotar os remanentes correspondentes nos orzamentos. Tamén se incorpora un remanente de 750.000 euros para dar cumprimento as actuacións estratéxicas de investigación no marco do programa soporte, do que foi informada tamén a Comisión Económica do Consello Social.

Coral del Río pregunta polo uso destes remanentes de libre disposición sobre a estimación do volume dos remanentes non comprometidos. Yolanda Lesmes informa de que son en torno a sete millón de euros. Coral del Río entende que é pouco comparado co que se tiña fai cinco anos, malia que entende que non lle parece mal a inversión proposta, aínda que está preocupada polo descenso dos remanentes. Yolanda Lesmes e Belén Rubio explican posibilidades de recuperación que están pendentes de cobro.

María José Ríos Santomé comenta que debe coidarse o uso do galego na documentación. O reitor responde que se corruxirán eventuais erros.

Apróbase por asentimento.

**16. Aprobación, se procede, do Regulamento interno do Departamento de Tradución e Lingüística.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que o regulamento foi aprobado pola Xunta de Centro e conta co informe favorable da Asesoría Xurídica. O documento foi achegado coa documentación correspondente á presente sesión.

Apróbase por asentimento.

**17. Aprobación, se procede, dos prezos do complexo de residencias universitarias para o curso 2023/24.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen propón manter o prezo actual, actualizado co IPC.

Apróbase por asentimento.

## **18. Presentación do informe sobre o progreso e o rendemento académico do estudiantado da Universidade de Vigo.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudiantado e Empregabilidade que se refire á normativa de permanencia e progreso nas titulacións oficiais de grao e de máster da Universidade de Vigo, sinalando os seus artigos fundamentais:

### *Artigo 14. Da revisión e do seguimento da presente normativa*

1. Anualmente, a Comisión de Permanencia e Progreso da Universidade de Vigo elaborará un informe sobre o progreso e o rendemento académico do estudiantado que será presentado no Consello de Goberno e que se dará a coñecer aos centros, para facilitar as tarefas de orientación e información cara ao alumnado.
2. O informe anual poderá establecer propostas de adaptación e revisión da citada normativa. O devandito informe publicárase na páxina web da Universidade de Vigo.
3. A presente normativa será revisada, referendada ou modificada, dependendo do caso, polo Consello de Goberno cada dous anos desde a súa entrada en vigor, do que se dará traslado ao Consello Social, no caso que proceda.

Segundo a normativa, non poderá continuar estudos na mesma titulación da Universidade de Vigo:

- 1) O estudiantado de novo ingreso que non supere un número mínimo de ECTS, segundo os artigos 5 e 6 da normativa:

### *Artigo 5. Da permanencia do estudiantado de grao:*

Deberá superar 12 ECTS se está matriculado en réxime a tempo completo ou 6 ECTS se está matriculado en réxime a tempo parcial. De non superar eses mínimos poderá continuar os seus estudos condicionado á superación no seguinte curso académico de 30 ECTS se está matriculado en réxime a tempo completo e 18 ECTS se está matriculado en réxime a tempo parcial.

### *Artigo 6. Da permanencia do estudiantado de máster:*

Deberá superar 18 ECTS se está matriculado en réxime a tempo completo ou 12 ECTS se está matriculado en réxime a tempo parcial.

Segundo a normativa, non poderá continuar estudos na mesma titulación da Universidade de Vigo:

(...)

- 2) O estudiantado de continuación de estudos que esgote as convocatorias dunha materia sen superala, segundo o artigo 9 da normativa:

### *Artigo 9. Da avaliación e das convocatorias*

O estudiantado matriculado nunha titulación oficial de grao disporá de catro convocatorias para superar cada materia.

O estudiantado matriculado nunha titulación oficial de máster disporá de dúas convocatorias para superar cada materia.

No caso do incumprimento dos requirimentos desta normativa, o estudiantado poderá actuar como indica o artigo 10.

*Artigo 10. Da continuidade excepcional nos estudos*

Cando a aplicación desta normativa impida continuar os estudos por incumprimento dos requirimentos de progreso e permanencia, con carácter extraordinario, a Comisión de Permanencia e Progreso da Universidade de Vigo poderá autorizar a continuidade nos estudos, por petición da persoa afectada, sempre que se dean causas de forza maior, suficientemente acreditadas, que afectasen o seu rendemento académico.

Como resultado, expón os seguintes cadros por cursos académicos:

Curso 2019/20

Solicitudes Presentadas:

*Titulacións de Grao: 43                      No superar ECTS (artigo 5): 43*

*Titulacións de Mestrado: 3                No superar ECTS (artigo 6): 3*

Acordos da Comisión:

- *Conceder as solicitudes que aportan documentación xustificativa da situación persoal e familiar:*
- *Permitir só a matrícula a tempo parcial, tendo que ter superados 18 ECTS no curso autorizado.*
- *Denegar as solicitudes sen xustificación, insuficiente ou non xustificaba o baixo rendemento*

Resolución da Comisión:

	<i>Solicitudes</i>	<i>Aceptadas</i>	<i>Denegadas</i>
<i>Grao</i>	<i>43</i>	<i>13</i>	<i>30</i>
<i>Mestrado</i>	<i>3</i>	<i>3</i>	<i>0</i>

Curso 2020/21

Solicitudes Presentadas:

*Titulacións de Grao: 13                      No superar ECTS (artigo 5): 13*

*Titulacións de Mestrado: 4                No superar ECTS (artigo 6): 2 - Esgotar convocatorias (art. 9): 2*

Acordos da Comisión:

- *Conceder as solicitudes que aportan documentación xustificativa da situación persoal e familiar:*
- *Permitir só a matrícula a tempo parcial, tendo que ter superados 18 ECTS no curso autorizado.*
- *Denegar as solicitudes sen xustificación, insuficiente ou non xustificaba o baixo rendemento*

Resolución da Comisión:

	<i>Solicitudes</i>	<i>Aceptadas</i>	<i>Denegadas</i>
<i>Grao</i>	<i>13</i>	<i>5</i>	<i>8</i>
<i>Mestrado</i>	<i>4</i>	<i>4</i>	<i>0</i>

Curso 2021-22

Solicitudes Presentadas:

*Titulacións de Grao: 96                      No superar ECTS (artigo 5): 18 - Esgotar convoc. (art.9): 78*

Titulacións de Mestrado: 6 Esgotar convocatorias (artigo 9): 6

Acordos da Comisión:

- Conceder as solicitudes que aportan documentación xustificativa da situación persoal e familiar:
- Ter que superar 18 ECTS no curso autorizado.
- Denegar as solicitudes sen xustificación, insuficiente ou non xustificaba o baixo rendemento
- Denegar as solicitudes do estudiantado que incumpriu a superación dos 18 ECTS no curso anterior

Resolución da Comisión:

	Solicitudes	Aceptadas	Denegadas
Grao	96	73	26
Mestrado	6	6	0

Curso 2022/23

Solicitudes Presentadas:

Titulacións de Grao: 129 No superar ECTS (artigo 5): 43 - Esgotar convoc. (art. 9): 86

Titulacións de Mestrado: 5 No superar ECTS (artigo 6): 1 - Esgotar convoc. (art. 9): 4


Acordos da Comisión:

- Conceder as solicitudes que aportan documentación xustificativa da situación persoal e familiar:
- Ter que superar 24 ECTS no curso autorizado, entre eles os de a/as matéria/as esgotadas.
- Denegar as solicitudes sen xustificación, insuficiente ou non xustificaba o baixo rendemento
- Denegar as solicitudes do estudiantado que incumpriu a superación dos 18 ECTS no curso anterior

Resolución da Comisión:


	Solicitudes	Aceptadas	Denegadas
Grao	129	90	39
Mestrado	5	5	0

CONCLUSIÓN





UNIVERSIDADE  
DE VIGO



Conclúe o informe ás 11:55 h.

**19. Nomeamento, a proposta do reitor, de representantes na Comisión de Calidade da Universidade de Vigo:**

- **2 PDI**
- **1 PAS**
- **1 estudante**

O reitor informa de que a súa proposta é a seguinte:

- Polo sector do PDI: María Rocío Rodríguez Daponte e María José Moure Rodríguez
- Polo sector do PAS: Mar Fernández Cendón – TS Igualdade
- Polo sector de alumnado: Miguel Fernández Simoes.

Apróbase por asentimento e resultan nomeadas as persoas propostas.

**20. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas Comisións delegadas do Consello de Goberno: Investigación: 1 estudante**

O reitor indica que se presentou unha candidatura: Manuel Diz Folgar.

Resulta elixida a candidatura presentada.

**21. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO:**

- **1 PAS**
- **1 estudante do ámbito Campus do Mar**

O reitor indica que non se presentaron candidaturas. Non procede a elección.



## 22. Quenda de intervencións.

Carlos Mollinedo entende que hai falta de información respecto do PAS e pide que se engada un punto sobre a política de goberno para o PAS, sobre todo os acordos de promoción horizontal e vertical, carreira profesional, acordos sociais, xestión da xornada de traballo, RPT e o compromiso orzamentario cara ao PAS. O reitor entende que non debe haber problema en engadilo, agás que o Consello de Goberno deba adiantarse moito.

Humberto Michinel comenta que segue sen dotarse a praza de técnico especialista que quedara vacante para o seu centro e pide que se acelere o proceso. O reitor pregunta se o problema é que non hai candidatos. Humberto Michinel explica que esgotouse a lista e pide que se amplíe. A xerenta se poñerá en contacto, aínda que adianta que haberá que volver a sacar a praza.

Marta Pazos pregunta se houbo algún problema no pago dos trienios a contratados. O reitor indica que non, pero pide que se comunique se houbo algún problema. Marta Pazos pide un procedemento máis rápido para o recoñecemento de trienios a persoal de fóra da UVigo. O reitor comenta que haberá que negocialo, dado que o compromiso actual era para trienios vencidos na UVigo.

María José Ríos Santomé concorda co manifestado por Carlos Mollinedo sobre a falta de información respecto do PAS.

Juan Pardo recomenda que a matrícula correspondente ao alumnado de continuación de estudos se adapte e sexa coherente coa data de comezo do curso académico, o que afecta particularmente ao seu centro. Súmanse Rebeca Díaz e Francisco J. Rodríguez, así como Manuel Diz Folgar. O reitor responde que se tentará de facer, malia que o comezo do novo programa SIGMA pode conlevar certas adaptacións e esforzos.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:10 h. do día 02 de marzo de 2023, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral